

NO

RE

BAP

GA

2026



NO.RE.BAP.

GALICIA

Tempada 2025-2026

**Normativa, Regulamentación e Bases
Competicións Territoriais**

ÍNDICE

TÍTULO I ASPECTOS XERAIS	5
ARTIGO 1 CALENDARIO DE COMPETICIÓN TERRITORIAIS.....	5
ARTIGO 2 CALENDARIO DE COMPETICIÓN ESTATAIS.....	5
ARTIGO 3 CADRO IDADES DOS PARTICIPANTES EN CADA CATEGORÍA.....	6
ARTIGO 4 AUTORIZACIÓN DE COMPETICIÓN.....	6
ARTIGO 5 TRAMITACIÓN DE LICENZAS COMPETICIÓN TERRITORIAIS	7
ARTIGO 6 REQUISITOS PARA A ORGANIZACIÓN DELEGADA E SER SEDE DUNHA PROBA DA XIRA GALEGA	9
ARTIGO 7 ESTRUCTURA DE COMPETICIÓN	11
ARTIGO 8 OBRIGA DE PARTICIPACIÓN	12
TÍTULO II NORMAS XERAIS CAMPIONATOS TERRITORIAIS	14
CAPÍTULO PRIMEIRO: Criterios de clasificación.....	14
ARTIGO 9 NORMATIVA E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN NA FASE DE GRUPOS.....	14
ARTIGO 10 NORMATIVA E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN NA FASE ELIMINATORIA	15
ARTIGO 11 NORMATIVA E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DA XIRA GALEGA	16
CAPÍTULO SEGUNDO: Datas e horarios dos encontros	18
ARTIGO 12 ENCONTROS ORGANIZADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA	18
CAPÍTULO TERCEIRO: Xogadores	19
ARTIGO 13 XENERALIDADES.....	19
ARTIGO 14 ALIÑACIÓN DE XOGADORES	19
ARTIGO 15 DEREITOS FORMACIÓN XOGADORES/AS.....	20
CAPÍTULO CUARTO: Oficiais dos equipos	23
ARTIGO 16 ADESTRADORES	23
ARTIGO 17 OFICIAL DE EQUIPO.....	24
ARTIGO 18 OFICIAIS EQUIPOS DE BASE.....	25
ARTIGO 19 RESPONSABLE DE EQUIPO	25
ARTIGO 20 OFICIAIS DESCUALIFICADOS.....	25
ARTIGO 21 OBSERVACIÓN.....	25
CAPÍTULO QUINTO: Composición de equipos	27
ARTIGO 22 COMPOSICIÓN EQUIPOS EN COMPETICIÓN TERRITORIAIS	27
CAPÍTULO SEXTO: Colectivo arbitral	37
ARTIGO 23 DESIGNACIÓN.....	37
ARTIGO 24 ENCONTROS	37
ARTIGO 25 COMPETENCIAS.....	37
ARTIGO 26 OBRIGAS.....	37
CAPÍTULO SÉTIMO: Tarifas	39
ARTIGO 27 DEREITOS DE ARBITRAXE/ANOTADOR-CRONOMETRADOR E FONDO ARBITRAL.....	39
ARTIGO 28 INSCRICIÓN.....	39
ARTIGO 29 SEGURO DEPORTIVO	41
CAPÍTULO OITAVO: Competición e Partidos	42
ARTIGO 30 TERREOS DE XOGO.....	42
ARTIGO 31 DELEGADO FEDERATIVO	43

ARTIGO 32 DURACIÓN DOS ENCONTROS	44
ARTIGO 33 REGRAS DE XOGO - MODIFICACIÓNS REGULAMENTARIAS	44
ARTIGO 34 BALÓN DE XOGO	45
ARTIGO 35 UNIFORMIDADE	46
ARTIGO 36 DATOS ESPECÍFICOS DOS CLUBS	46
ARTIGO 37 COMITÉ DE COMPETICIÓN, RECURSOS E RECLAMACIÓNS.....	47
ARTIGO 38 COMITÉ DE APELACIÓN	48
ARTIGO 39 CONSIDERACIÓNS COMPLEMENTARIAS	48
ARTIGO 40 FÓRMULA ECONÓMICA	49
ARTIGO 41 OUTRAS DISPOSICIÓNS	49
ANEXOS.....	51
ANEXO X.....	52
ANEXO XI.....	53

TITULO I

ASPECTOS XERAIS

ARTIGO 1

CALENDARIO DE COMPETICIÓNS TERRITORIAIS

1. PROBAS XIRA GALEGA DE BALONMÁN PRAIA 2026

PROBA	DATA	SEDE
1ª PROBA	Do 04/06/2026 ao 07/06/2026	Bueu
2ª PROBA	Do 11/06/2026 ao 14/06/2026	Bueu
3ª PROBA	Do 02/07/2026 ao 05/07/2026	Muros
4ª PROBA	Do 23/07/2026 ao 26/07/2026	Vilagarcía

2. PROBAS PUNTUABLES PARA A XIRA GALEGA

PROBA	DATA	SEDE
1ª ETAPA	Do 25/06/2026 ao 28/06/2026	Paredes
2ª ETAPA	Do 09/07/2026 ao 12/07/2026	Porto
3ª ETAPA	Do 16/07/2026 ao 19/07/2026	Porto

ARTIGO 2

CALENDARIO DE COMPETICIÓNS ESTATAIS

1. PROBAS ARENA HANDBALL TOUR 2026

PROBA	DATA	SEDE
ARENA 1000	Do 12/06/2026 ao 14/06/2026	Vilanova i La Geltrú
ARENA 1000	Do 19/06/2026 ao 21/06/2026	Orihuela
ARENA 1000	Do 17/07/2026 ao 19/07/2026	Cádiz
CAMPEONATO DE ESPAÑA	Do 30/07/2026 ao 02/08/2026	Laredo

2. CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SELECCIÓN AUTONÓMICAS.

PROBA	DATA	SEDE
CESA PRAIA 2026	Do 29/06/2026 ao 01/07/2026	Calella

ARTIGO 3
CADRO IDADES DOS PARTICIPANTES EN CADA CATEGORÍA

MASCULINA / FEMININA	ANO DE NACEMENTO
CATEGORÍA ABSOLUTA SÉNIOR	Xogadores/as nados ata 2007
CATEGORÍA XUVENIL	Xogadores/as nados en 2008 e 2009
CATEGORÍA CADETE	Xogadores/as nados en 2010 e 2011
CATEGORÍA INFANTIL	Xogadores/as nados en 2012 e 2013
CATEGORÍA ALEVÍN	Xogadores/as nados en 2014 e 2015
CATEGORÍA BENXAMÍN	Xogadores/as nados en 2016 e 2017
CATEGORÍA PREBENXAMÍN	Xogadores/as nados no 2018 en diante

ARTIGO 4
AUTORIZACIÓN DE COMPETICIÓN
A) COMPETICIÓN OFICIAIS

1. As Competicións oficiais que organicen as Delegacións ou os clubs deberán ser autorizadas pola Área de Competicións Territoriais da FGBm.
2. Para que se poida dar autorización as Competicións de carácter oficial, as Delegacións ou os clubs deberán enviar á Federación Galega de Balonmán (Área de Competicións Territoriais), debidamente cumprimentados os impresos previstos para estas solicitudes, cun prazo mínimo de VINTE (20) DÍAS de antelación ao comezo de calquera das Competicións que organicen.
3. Ao citado impreso oficial de autorización débense achegar as Bases da Competición e o Calendario previsto. Igualmente debe figurar a sinatura do Delegado ou da persoa responsable das Competicións.
4. Nas Bases de toda Competición deben constar as datas de celebración, equipos participantes, a fórmula de Competición, a normativa e criterios de clasificación, así como as Normas complementarias precisas para clarificar o desenvolvemento dos Campionatos debéndose acoller ás normas específicas da FGBm para cada competición e categoría.
5. No prazo dunha semana, despois da recepción da indicada documentación, a Área de Competicións Territoriais comunicará por escrito á Delegación correspondente a autorización oficial ou reparos, se os houberse, sobre a competición solicitada.
6. O incumprimento do sinalado nos apartados anteriores, poderá motivar a anulación do Campionato.

B) COMPETICIÓN AMIGABLES

1. Os Clubs ou Entidades teñen a obriga de solicitar autorización á Federación Galega de Balonmán, para a organización de partidos (Anexo X), torneos (Anexo XI) ou competicións amigables nas que participen equipos pertencentes as Delegacións diferentes ou de Categoría Nacional, mediante os impresos creados a tal fin, cun prazo

mínimo de **QUINCE (15)** días de antelación ao comezo do mesmo, achegando calendario e bases polo que se rexerá e responsabilizándose das sancións económicas e deportivas a que haxa lugar.

2. En todo caso, sempre que se celebren partidos ou torneos amigables, unha vez solicitada a correspondente autorización oficial de celebración dos mesmos, a FGBm notificará dita autorización ao Comité Territorial de Árbitros para que poida efectuar as correspondentes designacións arbitrais.
3. Será imprescindible a autorización oficial para que o Comité Territorial de Árbitros designe aos colexiados correspondentes, requirimento sen o cal ningún deles poderá dirixir encontro algún.
4. A contravención da presente norma será sancionada con multa de ata SEISCENTOS (600) euros á entidade organizadora e de ata TRESCENTOS (300) euros ao resto de equipos participantes.
5. No caso de partidos ou torneos amigables de carácter interautonómico ou internacional, atenderase ao exposto polo Artigo 6 do Regulamento de Partidos e Competicións da R.F.E.BM., lembrando que a solicitude á Real Federación Española de Balonmán deberá realizarse ou tramitarse por medio da Federación Galega.

C) ENCONTROS AMIGABLES NO ESTRANXEIRO

1. Os Clubs que concerten encontros de carácter amigable fóra do territorio nacional, deberán comunicalo a esta Federación Territorial cun prazo mínimo de trinta días, a fin de realizar os trámites pertinentes para a súa autorización.
2. En dita solicitude, que deberá ser presentada alomenos con TRINTA DÍAS DE ANTELACIÓN Á DATA DE CELEBRACIÓN DO TORNEO, indicarse:
 - Nome do torneo.
 - Localidade e país onde se celebra.
 - Datas de celebración.
 - Categoría dos xogadores participantes.
 - Relación nominal dos mesmos, incluíndo os oficiais.

Esta solicitude é totalmente necesaria para que os xogadores e/ou oficiais se atopen en todo momento acollidos ao Seguro Deportivo Obrigatorio. En calquera caso os Clubs ou Entidades terán a obriga de consultar a póliza XOGADE da tempada en curso

ARTIGO 5 TRAMITACIÓN DE LICENZAS COMPETICIÓNS TERRITORIAIS

A) XOGADORES E OFICIAIS

1. As licenzas serán tramitadas polos Clubs a través da plataforma web da Federación Galega de Balonmán (Isquad), como mínimo dez (10) días antes da data oficial do comezo do Campionato. Non se admitirá a participación de ningún equipo que non tramite as licenzas coa antelación sinalada.

2. Non será tramitada ningunha licenza na que calquera dos datos solicitados na mesma non aparezan cubertos ou conteñan erros.
3. Será rexeitada toda licenza na que as fotografías do xogador impidan a comprobación da súa identidade ou sexan inadecuadas.
4. A achega e sinatura da documentación ten carácter de declaración formal do interesado con relación aos datos que figuran na mesma.

O Club e o interesado serán responsables da veracidade dos mesmos. A falta de veracidade ou alteración dos datos reflectidos nas licenzas será castigada coa suspensión do interesado por termo de CATRO ANOS e, se se probase responsabilidade por parte do Club, cunha MULTA DE ATA SEISCENTOS (600) EUROS.

5. Os xogadores e oficiais deben adscribirse ao seguro deportivo obrigatorio que subscribe a Federación Galega de Balonmán. Os Clubs coidarán de maneira especial o cumprimento dos prazos de carencia do Seguro Deportivo Obrigatorio tanto para os adestramentos coma para as competicións.
6. Deberán achegar á plataforma Isquad a seguinte documentación:
 - a) Fotocopia do DNI, ou pasaporte no caso de estranxeiros, perfectamente lexible de cada unha das persoas para as que se solicita a licenza. Os xogadores/as de categoría alevín, benxamín e prebenxamín que non teñan DNI, deben obrigatoriamente achegar no Isquad, fotocopia do libro de familia para poder autenticar os seus datos.
 - b) Certificado médico ou autorización do titor legal (dependendo da categoría).
 - c) Autorización da cesión dos dereitos de imaxe (dependendo da categoría).
 - d) No caso de xogadores contratados, copia do contrato suscrito entre as partes. No caso de se tratar de xogadores non contratados, certificación acreditativa de que o xogador/a non é contratado/a.
 - e) Os xogadores que tiveran licencia fora do territorio nacional, previa á tramitación da licenza nun club galego, deberán solicitar o “transfer” a través da plataforma Isquad na área privada de club.
 - f) As licenzas de adestradores/as e demais oficiais, deben cumprir as esixencias de titulación que se especifiquen nas Normas Xerais das Competicións.
 - g) Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.
7. Unha vez iniciada a tempada, a Federación Galega de Balonmán validará as licenzas dentro da mesma semana da súa solicitude, sempre e cando esta se realice antes do mércores ás 20:00 horas.
8. Para a tramitación de baixas de Xogadores e Oficiais pertencentes a equipos de Categoría Territorial, os clubs deberán subir á plataforma iSquad o documento específico de baixa asinado polo club e xogador ou oficial.

B) COLECTIVO ARBITRAL

1. As licenzas dos árbitros e anotadores-cronometradores serán tramitadas pola Federación Galega de Balonmán a través da plataforma Isquad.
2. Requisitos para a tramitación das licencias:
 - a) Estar afiliado na plataforma Isquad.

- b) Estar en posesión da titulación requirida en función de cada categoría.
- c) Achegar o certificado médico que autorice a práctica deportiva.
- d) Achegar certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.
- e) Ter solicitado e aboado o seguro deportivo obrigatorio que subscribe a Federación Galega de Balonmán.
- f) Autorización da cesión dos dereitos de imaxe.
- g) Autorización do titor legal no caso dos/as menores de idade.

C) RECOÑECIMENTO MÉDICO

Todos os xogadores/as, para poder tramitar a licenza correspondente deberán efectuar unha revisión médica que lles certifique a condición de aptitude para a práctica deportiva; agás nas categorías de prebenxamín, benxamín e alevín nas que en lugar do certificado médico poderá presentarse un modelo de autorización facilitado pola Federación Galega de Balonmán asinado polos pais ou tutores.

O certificado conterá o número de colexiado e expresará a condición de APTO para a práctica do deporte, deberá vir asinado polo colexiado.

A data de expedición do recoñecemento médico terá que ser posterior ó 1 de xullo de 2025.

Os clubs deberán subir os certificados de todos os/as deportistas na súa área privada da plataforma iSquad para poder axilizar e facilitar a tramitación e validación das licenzas correspondentes.

ARTIGO 6

REQUISITOS PARA A ORGANIZACIÓN DELEGADA E SER SEDE DUNHA PROBA DA XIRA GALEGA

O Club ou entidade que pretenda organizar unha das Probas da Xira Galega, deberá efectuar a solicitude, por escrito, dirixida á Federación Galega de Balonmán e cumprir os seguintes requisitos, *sen prexuízo das bases que poida publicar a Federación Galega de Balonmán para cada torneo en cada tempada:*

1. **OFICINA TÉCNICA FGBm.:** instalarse unha oficina técnica cun mínimo de dúas carpas dotadas do seguinte material:
 - Toma de corrente
 - Iluminación
 - Mesas
 - Cadeiras
 - Acceso a internet de alta velocidade
 - Impresora
 - Papel
2. **PISTAS DE XOGO:** as pistas de xogo estarán orientadas preferiblemente no seu eixe lonxitudinal de norte a sur, e contarán cos seguintes elementos técnicos:
 - Area en cantidade e calidade suficiente. A superficie dos campos de xogo deberá prestar especial atención á limpeza previa da area.
 - Porterías, redes das porterías, redes de protección detrás das porterías e cintas oficiais (campos de “churros”) de delimitación dos campos.

- 1 mesa e 2 cadeiras para situar os anotadores-cronometradores, responsable de campo e o delegado federativo.
 - Un marcador para cada unha das pistas.
 - Mínimo dúas bolas regulamentarias e homologadas por terreo de xogo, categoría e sexo.
 - Dúas tarxetas verdes por campo coa letra "T" grande en negro (tempo morto de equipo)
 - Carpa ou similar para toda a extensión da mesa en cada terreo de xogo.
 - Grada para 150-200 persoas mínimo na Pista Central/Principal.
 - Recoméndase dispoñer de dous caixóns por pista con capacidade suficiente para gardar as pertenzas dos equipos ou, no seu defecto, espazo suficiente para situalos fóra da zona de cambios.
 - Todos os elementos técnicos deberán estar deseñados de acordo co establecido nas Regras de Xogo da RFEBM e, no caso de que a FGBm. dispoña dalgunha marca ou modelo homologado, deberá empregarse o mesmo.
3. **ELEMENTOS NECESARIOS:** na instalación deportiva deberán existir obrigatoriamente:
- Comida e bebida para árbitros/as, delegado/a federativo e persoal de organización, se procede.
 - Papeleiras.
 - Manguera ou sistema de rego para arrefriar a area.
 - Sistema que delimite de forma clara e consistente a zona de xogo en todo o seu perímetro respecto da zona de público.
 - Un taboleiro de competición grande nun lugar accesible para participantes.
 - Unha persoa co equipo de son e micrófono para información e música.
 - Un bomba de aire manual por si é necesario inflar as pelotas.
 - Dous xogos de petos de diferente cor.
 - Haberá servizos e duchas nas instalacións ou nun lugar anexo ás mesmas, para uso de todos os participantes e do persoal da proba, en número suficiente para cubrir adecuadamente as súas necesidades e en condicións óptimas de limpeza.
 - Recoméndase dispoñer de carpas ou espazos de sombra suficientes.
 - Servizos sanitarios.
4. **PERSONAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMPETICIÓN:** en cada unha das sedes deberase contar coa asistencia do seguinte persoal:
- **Delegado Federativo:** será nomeado polo órgano competente da FGBm. para cada unha das diferentes competicións, asumindo as funcións de xuíz e as seguintes tarefas:
 - o Control do calendario da competición e coordinación das súas publicacións inmediatas no taboleiro/panel informativo.
 - o Se é posible, inclusión de datos no sistema informático (intranet).
 - o Resolucións de carácter normativo e disciplinario, se fose conveniente.
 - **Responsable de Campo:** será opcional que o organizador propoña ao Delegado Federativo unha persoa por cada dúas pistas, sendo este quen decida o seu nomeamento. A súa función será colaborar estreitamente co Delegado Federativo.
 - **Coordinador da competición:** será opcional que o organizador o propoña no momento da solicitude da sede. A súa función será colaborar estreitamente co Delegado Federativo e velar polo correcto estado das pistas e polo funcionamento

xeral da competición, podendo estar asistido polas persoas necesarias para garantir o seu bo desenvolvemento.

- **Responsables arbitrais, árbitros e anotadores-cronometradores:** haberá árbitros para cada unha das pistas, os cales realizarán tamén as funcións de anotadores-cronometradores as designacións oficiais. Sempre que sexa posible, haberá un Responsable Arbitral en cada torneo, nomeado polo Comité de Árbitros da FGBm. (encargado das designacións das competicións oficiais). No caso de ser necesario, as funcións do Responsable Arbitral poderán ser asumidas polo Delegado Federativo.
- **Voluntarios e persoal auxiliar:** serán os encargados da repartición de auga, limpeza e rego das pistas, montaxe e desmontaxe da instalación, verificación do acceso á zona de xogo, etc. Todos eles deberán atender puntualmente as indicacións do Delegado Federativo ou persoal da FGBm.

5. OUTROS:

- A participación mínima de equipos galegos deberá ser do 80 % do total dos equipos do torneo. En todo caso, os equipos da nosa federación territorial terán sempre prioridade fronte aos equipos doutras federacións á hora de formalizar a súa inscrición e poder participar.
- De haber máis dunha solicitude por proba e no caso de non pórse de acordo entre as entidades ou clubs solicitantes, realizarase un sorteo para decidir que será o organizador da sede.

ARTIGO 7

ESTRUCTURA DE COMPETICIÓN

COMPETICIÓN TERRITORIAIS

A competición disputarase baixo o formato de torneo en todas as categorías, tentara garantir que cada equipo dispute un mínimo de tres encontros sempre que sexa posible. O sistema de competición será o seguinte:

- **Fase de grupos:** Formato de liga a unha soa volta. Os grupos estableceranse en función do número de equipos participantes.
- **Eliminatorias finais / Fase Final:** En función do número de equipos rexistrados, valorarase realizar eliminatorias previas, eliminatorias pola clasificación e fase final (oitavos de final, cuartos de final, semifinal, final).

O sistema de competición poderá ser alterado en función dos equipos participantes pero sempre respectando o formato mencionado. Así como modificar as datas se fose necesario.

A) FORMACIÓN GRUPOS E CRUCES

Os grupos e cruces serán publicados con 48 horas de antelación ao inicio da competición, seguindo os seguintes criterios:

- Número de grupos: Estableceranse en función do número de equipos inscritos e tamén, ao número de campos dispoñibles por proba.

- Cabezas de serie: Considerarase a clasificación xeral da Xira Galega da tempada en curso, colocándose o primeiro no grupo A, o segundo no grupo B, e así sucesivamente tantos como grupos haxa no torneo.
Na primeira proba, terase en conta a clasificación xeral da Xira Galega da tempada anterior.
- Resto de equipos: Serán adscritos ao distintos grupos por sorteo.

B) ELABORACIÓN DE CRUCES

Tras finalizar a fase de grupos, cruzaranse os equipos tendo en conta as seguintes consideracións:

- 1) Non poderán cruzarse dous equipos que formaran parte do mesmo grupo. Procurarase que dous equipos do mesmo grupo non se crucen ata a final do torneo, ou ben, na eliminatoria máis próxima á final.
- 2) Realizaranse os cruces tendo en conta a clasificación xeral da Xira Galega antes do inicio da proba, procurando que os dous primeiros cabezas de serie non se crucen ata a final do torneo.

ARTIGO 8

OBRIGA DE PARTICIPACIÓN

1. Todos os equipos con dereito, en razón da súa clasificación ou categoría, a tomar parte en calquera Competición Oficial, poderán renunciar vinte (20) días antes do inicio da competición correspondente, mediante escrito presentado na Federación Galega de Balonmán.
2. Entenderase contraída a obriga de xogar a Competición Territorial en todas as súas Fases e no grupo que lle corresponda en función da súa clasificación e o Segundo Torneo Oficial, aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria da FGBm, por parte de todos os equipos se non efectúan a renuncia en tempo e forma.
3. Cando un equipo renuncie, en tempo e forma, a participar ou cando se produzan vacantes en calquera Competición Territorial, atenderase ao seguinte cadro de criterios, para determinar quen debe ocupar o seu lugar:
 - a) Data inscricións.
 - b) Prioridade a primeiros equipos dun club antes que segundos e sucesivos equipos dun mesmo club.
 - c) Equipos exentos de débedas coa FGBm.
 - d) Equipos que non teñan sancións relacionadas coa violencia no deporte na presenta tempada.
 - e) Equipos que non teñan sancións por incomparecencia.
 - f) Nos casos non previstos, resolverá o Comité Territorial de Competición, previo informe da Área de Competicións Territoriais.
4. No NO.RE.BAP.-G.A. estableceranse anualmente as contías económicas das inscricións, que deberán aboar os participantes en calquera Competición Territorial.
5. Para poder inscribirse en calquera competición, o club non poderá ter ningunha débeda coa FGBm.

6. Os equipos que renuncien a participar en calquera Competición Territorial, unha vez confeccionados os calendarios, deberán compensar a todos aqueles equipos participantes e, en especial ao Club ou Entidade organizadora, de todos aqueles prexuízos que houberse podido ocasionar a súa renuncia, previa resolución do Comité Territorial de Competición, sen prexuízo do disposto no Regulamento de Réxime Disciplinario.

TÍTULO II

NORMAS XERAIS CAMPIONATOS TERRITORIAIS

CAPÍTULO PRIMEIRO: Criterios de clasificación

ARTIGO 9 NORMATIVA E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN NA FASE DE GRUPOS

A clasificación establecerase de acordo co maior número de puntos obtidos por cada equipo, téndose en conta a seguinte TÁBOA DE PUNTUACIÓN:

Partido	GAÑADO	2 puntos
Partido	PERDIDO	0 puntos

Cando na fase regular empatasen a puntos dous ou máis equipos, seguiranse os seguintes criterios para determinar a orde de clasificación:

- a) Cando un dos equipos non comparecese a un partido, este ocupará a última posición entre ambos.
- b) Teranse en conta, os puntos obtidos nos partidos xogados entre eles, ocupando o posto preferente o que sume máis puntos.
- c) Se tivesen o mesmo número de puntos, ocupará o posto preferente o equipo que obteña unha maior diferenza de sets (períodos) a favor e en contra, no total dos encontros xogados entre si polos equipos implicados.
- d) Se persiste o empate, obterá posto preferente o equipo con maior diferenza de tantos (puntos de gol) a favor e na contra, no total de encontros xogados entre si polos equipos implicados.
- e) Se continúa o empate, obterá o posto preferente o equipo co maior coeficiente resultante de dividir os tantos a favor entre os tantos na contra, do total de partidos xogados entre si polos equipos implicados.
- f) De persistir o empate, obterá o posto preferente o equipo con maior diferenza de sets (períodos) a favor e en contra, no total de partidos xogados no grupo.
- g) Se aínda continúa o empate, obterá o posto preferente o equipo co maior coeficiente resultante de dividir os tantos a favor entre os tantos na contra, do total de partidos xogados no grupo.
- h) No caso pouco probable de que persistise a igualdade de resultados entre os equipos implicados, ocupará o posto preferente o gañador dun sorteo que celebrará o delegado/a federativo responsable da competición, en presenza dos representantes dos devanditos equipos.

No suposto de xogar distinto número de partidos aplicarase o CRITERIO FGBM.

CRITERIO FGBM:

O Criterio FGBm busca poder realizar unha comparativa real entre os equipos que participan en grupos cunha composición dispar en canto ao número de equipos.

O criterio consiste no seguinte:

- **COMO DETERMINAR OS MELLORES CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE DIFERENTE NÚMEROS DE EQUIPOS:** eliminarase o resultado cos últimos clasificados nos grupos de máis equipos, tantos como sexan necesarios ata igualar todos os grupos ao mesmo número de equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo.
- **COMO DETERMINAR OS MELLORES ÚLTIMOS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE DIFERENTE NÚMEROS DE EQUIPOS:** cando xa teñamos os mellores clasificados, eliminarase o resultado cos penúltimos ou anterior clasificados, tantos como sexan necesarios ata igualar todos os grupos ao mesmo número de equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo.

Posteriormente seguiranse os seguintes criterios para determinar a orde de clasificación:

- Número de PUNTOS.
- Diferenza de SETS (períodos).
- Diferenza de TANTOS (puntos de gol).
- Maior número de TANTOS A FAVOR, sen ter en conta os conseguidos en shoot- outs.
- Menor diferenza de TANTOS EN SHOOT- OUT.
- Maior número de TANTOS A FAVOR EN SHOOT- OUT.

ARTIGO 10

NORMATIVA E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN NA FASE ELIMINATORIA

As posicións de primeiro e segundo clasificados da proba, determinaranse segundo o resultado habido na final do torneo. Entre os dous semifinalistas perdedores, determinaranse as posicións 3ª e 4ª da proba, atendendo aos seguintes criterios:

- a) De non xogarse o partido que determine o terceiro e cuarto posto, se se tivesen enfrontado directamente na fase clasificatoria de grupos, ocupará posto preferente aquel que gañase o partido. Se non se enfrontasen directamente na fase clasificatoria de grupos, ocupase posto preferente aquel que, no seu partido de semifinais, conseguise mellor resultado atendendo ao seguinte baremo excluínse:
 - Menor diferenza de SET (períodos).
 - Menor diferenza de TANTOS (puntos de gol).
 - Maior número de TANTOS A favor, sen ter en conta os conseguidos en shoot-outs.
 - Menor diferenza de TANTOS EN SHOOT-OUT.
 - Maior número de TANTOS A favor EN SHOOT-OUT.
- b) Se existise igualdade de resultados entre ambos os equipos, obterá a condición de terceiro clasificado da proba, o equipo gañador do sorteo para celebrar polo delegado federativo responsable da competición, en presenza dos representantes dos equipos implicados.
- c) O resto dos equipos perdedores nas demais eliminatorias, seguirán o seguinte baremo excluínse:
 - Menor diferenza de SET (períodos).
 - Menor diferenza de TANTOS (puntos de gol).
 - Maior número de TANTOS A favor, sen ter en conta os conseguidos en shoot-outs.
 - Menor diferenza de TANTOS EN SHOOT-OUT.
 - Maior número de TANTOS A favor EN SHOOT-OUT.

ARTIGO 11

NORMATIVA E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DA XIRA GALEGA

A) SISTEMA DE PUNTUACIÓN DA CLASIFICACIÓN XERAL DA XIRA GALEGA

Nas probas da Xira Galega aplicarase a seguinte fórmula para elaborar a clasificación final que determinará os campións da Xira Galega:

- Participación en cada torneo: 20 puntos.
- Puntos segundo clasificación en cada proba:
 - o $10 * (n^{\circ} \text{ equipos participantes na proba} + 1 - \text{posición final na proba})$

Nas probas puntuables para a Xiria Galega (Portugal) seguirase o mesmo criterio pero tendo en conta o n^o máximo de inscritos permitido nunha proba da Xiria Galega.

- Exemplo 1: Sénior masculino
 - o N^o de equipos proba portuguesa: 30
 - o N^o máximo de equipos por proba na Xiria Galega: 10
 - o Posición Final: 1
 - o Puntuación para Xiria Galega: $10 * (10 + 1 - 1) = 100$ puntos
- Exemplo 2: Sénior masculino
 - o N^o de equipos proba portuguesa: 30
 - o N^o máximo de equipos por proba na Xiria Galega: 10
 - o Posición Final: 20
 - o Puntuación para Xiria Galega: $10 * (10 + 1 - 10) = 10$ puntos

Equipos que non puntúan:

- a) O equipo inscrito nun torneo, que non comparecese ou non participara por causa inxustificada nalgún dos partidos que deba disputar (fase de grupos ou eliminatorias), non obterá puntuación algunha, ser prexuízo das sancións que por tal motivo estime o comité de competición segundo o disposto no Regulamento de Réxime Disciplinario.
- b) No caso de que un club presente dous equipos nun torneo, e coincidan na fase de grupos ou eliminatorias, a incomparecencia inxustificada dun dos equipos, afectará por igual a ambos.
- c) Cada equipo obterá estritamente os puntos de clasificación que correspondan a súa posición final nun torneo, aínda que algún equipo que estivera situado nunha posición preferente a súa non puntuara.
- d) Todos os equipos sénior deben ter un equipo de base inscrito nalgunha proba, de non ser así non puntuarán e non aparecerán na clasificación xeral da Xiria Galega.

B) CRITERIOS DE DESEMPATE NA CLASIFICACIÓN XERAL DA XIRIA GALEGA

Cando se de o caso de empate a puntos na clasificación final da Xira Galega de balonmán praia, seguiranse os seguintes criterios:

1. Maior número de participacións en probas da Xira Galega.
2. Número de mellores clasificacións en probas da Xira Galega.
3. Maior número de equipos de base participantes na Xira Galega na tempada en curso.
4. Maior número de equipos de base do mesmo xénero na Xira Galega na tempada en curso.

5. Enfrontamentos directos contando todos os encontros da Xira Galega na tempada en curso entre eles.
6. Sorteio que celebrará o delegado/a federativo responsable da competición, en presenza dos representantes dos devanditos equipos.

CAPÍTULO SEGUNDO: Datos e horarios dos encontros

ARTIGO 12

ENCUNTROS ORGANIZADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA

O calendario de competición deberá ter en consideración as seguintes premisas:

- a) Tempo entre partidos: O intervalo mínimo entre partidos será de corenta (40) minutos sempre que sexa posible.
- b) Salvo caso excepcional os partidos non poderán programarse cunha hora de inicio anterior ás 9:00 horas nin posterior ás 23:00 horas, polo que deberá cumprirse o recollido para a iluminación artificial nas regras de xogo. Sempre que as necesidades organizativas non o impidan, durante as horas centrais do día, debe deixarse como mínimo un tempo de descanso dunha hora entre o final do último partido da mañá e o comezo do primeiro partido da tarde.
- c) Unha vez publicado o calendario, a permuta de encontros so estará permitida cando os 4 equipos implicados se poñan de acordo entre eles. Esta solicitude realizarase por correo electrónico coma mínimo 24 horas antes do inicio do encontro, pondo en copia a todos os clubs implicados e debendo aceptar todos dita modificación. O enderezo electrónico ao que se deberá enviar é: bmpraia@fgbalonman.com.
- d) En canto que a solicitude permuta ou adiamentos de encontros se realice fora do prazo establecido, está deberá vir acompañada pola confirmación de todos os clubs implicados e do xustificante de pago das taxas (30 €).

CAPÍTULO TERCEIRO: Xogadores

ARTIGO 13 XENERALIDADES

Os equipos participantes en todas as COMPETICIÓNS TERRITORIAIS deberán dispor do mínimo de xogadores/as que aparecen reflectidos no artigo 22 do presente NO.RE.BAP. Galicia, dez (10) días antes, como mínimo, da data oficial de comezo da Xira Galega. Tamén deberán dispor dun Adestrador titulado

As licenzas só se estenderán para un determinado equipo, non sendo autorizado o seu uso noutro distinto para a cal foi tramitada, exceptuando os casos previstos no presente NO.RE.BAP.

ARTIGO 14 ALIÑACIÓN DE XOGADORES

- a) Para que os xogadores poidan aliñarse validamente cun Club en partidos de competición oficial, será preciso:
- Que se achen regulamentariamente inscritos e en posesión da licenza territorial a favor do Equipo que os aliñe.
 - Que a inscrición se produza con dez (10) días de antelación para a conclusión da Xira Galega sen importar as xornadas que resten por disputar ao equipo solicitante.
 - Que non se atopen suxeitos a sanción federativa.
 - Que non fosen aliñados previamente na tempada por outro club, en partidos de competición oficial.
 - Que non fosen aliñados por outro equipo da mesma categoría na mesma tempada.
 - No caso de baixa médica por lesión, ter comunicado o informe de alta antes das 14:00 horas do venres previo á disputa do encontro a través dos seguintes enderezos electrónicos: info@fgbalonman.com e servizosmedicos@fgbalonman.com.
 - Que non teñan licenza ou a tivesen na mesma tempada como adestrador ou oficial do equipo, salvo que se trate dun mesmo Club. Neste caso tería que causar baixa como tal adestrador, etc., para tramitar licenza de xogador. Igualmente, un xogador podería causar baixa nun equipo e tramitar licenza de adestrador, axudante, oficial, etc., nese equipo ou noutro do seu mesmo club, respectando os requisitos que en cada caso corresponda.
- b) Todos os equipos que participan en calquera Campionato de carácter Territorial teñen obrigación de inscribir en Acta e contar fisicamente en cada encontro cun número de xogadores non inferior a cinco (5). O incumprimento desta Norma será sancionada como incomparecencia para o equipo infractor.
- c) En todos os encontros das Competicións Territoriais, poderanse inscribir en Acta de Partido ata un máximo de doce (12) xogadores/as, sendo obrigatorio a inscrición e a presenza física dos xogadores que aparecen reflectidos no punto b) do presente Artigo.
- d) O/a adestrador/a do equipo deberá realizar a aliñación de xogadores/as a través da App para adestradores/as de Squad coma moi tarde 48 horas antes da disputa do primeiro

encontro; a partir de aí, o equipo arbitral será o encargado de realizar os cambios necesarios en caso de lesión, cambio de xogadores/as, etc.

ARTIGO 15

DEREITOS FORMACIÓN XOGADORES/AS

- a) Ao finalizar o período de vixencia das licenzas todo xogador/a quedará en liberdade para subscribilas con calquera entidade, salvo que tivese compromiso formal federativo xa adquirido, con independencia do que se establece no parágrafo seguinte.
- b) Dentro da tempada na que un xogador subscribise licenza cun novo Club ou entidade deportiva, a de orixe terá dereito ao recoñecemento dunha compensación económica polo seu traballo de formación, sempre que se reúnan os seguintes requisitos:
 1. Que o xogador/a sexa xuvenil ou sénior, e que non cumprise os vinte e dous (22) anos de idade. No caso de cumprirse esa idade dentro da tempada oficial deportiva na que se producise o cambio de Club, a Entidade de orixe manterá devandito dereito ata a súa conclusión.
 2. Que o xogador/a estivese como mínimo as dúas últimas tempadas consecutivas militando na Entidade con dereito a compensación.
 3. Que o xogador/a vaia a un club que teña equipos en categoría igual ou superior aos de orixe.
 4. Se un xogador está unha tempada sen licenza deportiva, o Club de orixe perderá o seu dereito para reclamar os Dereitos de Formación, independentemente de que devandito xogador/a cumprise os vinte e dous (22) anos.

O club que non teña equipo na categoría correspondente á idade do xogador reclamado na tempada que se formula a reclamación non poderá esixir compensación algunha ao club de destino.

O Club cuxo equipo se retirase da competición antes da finalización da tempada non poderá formular reclamación por dereitos de formación de ningún xogador/a dos rexistrados nese equipo; se a retirada se producise unha vez iniciado o expediente e ata antes de que este sexa resolto, o comité de competición, de oficio ou por instancia de parte, procederá ao seu arquivo sen máis trámite.

- c) Todos os supostos contemplados nos artigos seguintes, só se terán en conta para o seu cómputo os equipos femininos ou masculinos, segundo trátase de xogadora ou xogador.

O importe da compensación e os seus baremos determinarase bianualmente polas Asembleas Xerais ou pola Comisión Delegada da Asemblea, a proposta dos asembleístas ou da Xunta Directiva da Real Federación Española de Balonmán.
- d) O pago do devandito Dereito de Formación é de obrigado cumprimento para todas as Entidades, adquirindo este a mesma consideración que se dunha cota ou outra obrigación federativa tratácese, coas sancións e previsións disciplinarias que se marquen no Regulamento de Réxime Disciplinario.
- e) Recoñécese expresamente que a Entidade de orixe beneficiaria do dereito de formación, poderá renunciar ao mesmo ou acordar coa Entidade de destino a súa substitución por calquera outra clase de compensación.
- f) A Entidade que satisfíxese un Dereito de Formación por un xogador/a e non poida subscribir unha licenza por máis dunha tempada ou, subscribíndoa, o xogador/a non finalice a

tempada ao fichar por outro club, por causas alleas ao primeiro, terá dereito a recuperar o importe abonado por parte da nova Entidade que inscriba ao xogador/a no seu persoal, nesa tempada ou na inmediatamente seguinte.

g) Calculo para coñecer o importe das compensacións:

$$\text{Compensación} = (N+C+E) \times P \times I \times K \times S$$

- “N”: Número de anos que o xogador/a estivo vinculado a unha entidade, a partir da categoría xuvenil inclusive.
- “C”: Número de puntos segundo a categoría do xogador/a, a saber:
 - Categoría Sénior: 3 puntos
 - Categoría Xuvenil: 2 puntos
- “E”: Número de puntos segundo o número de equipos que dispoña a entidade de orixe na tempada anterior á aplicación do baremo:
 - 1-2 equipos: 1 punto
 - 3-4 equipos: 2 puntos
 - 5 ou máis equipos: 3 puntos
- “P”: O importe en euros por punto será revisable cada dous anos pola Asemblea Xeral. Para esta tempada será de doce euros (12,00€).
- “I”: Incremento segundo a categoría do primeiro equipo da entidade de destino, a saber:
 - Sénior masculina e feminina: 3 puntos.
 - Xuvenil masculina e feminina: 2 puntos.
- “K”: Coeficiente corrector segundo o xogador/a teña acreditado unha proxección, estando rexistrado nun partido internacional como mínimo, representando a España:
 - Selección Nacional Absoluta 5
 - Selección Nacional Júnior 4
 - Selección Nacional Xuvenil 3

Ditos coeficientes non son acumulativos e solo se aplicará o superior. En caso de non concorrer o coeficiente será 1.

Non se terán en consideración para aplicación do baremo para establecer os dereitos de formación dun/ha xogador/a a participación en calquera programa ou plan especial que puidera por en funcionamento a RFEBM.

- “S”: Segundo o número de equipos de base e xuvenís que dispoña a entidade de destino na tempada anterior á aplicación do baremo, empregárase o seguinte coeficiente:
 - 0-2 equipos: 2 puntos
 - 3 ou máis equipos 1 punto.

- h)** A Entidade de orixe e que sexa beneficiaria do dereito de formación, deberá solicitalo por escrito dirixido ao Comité Territorial de Competición da FGBm.

Cando a entidade de orixe realice unha reclamación de dereitos de formación dun/ha xogador/a que tivo coma destino un equipo de categoría territorial, o Comité Territorial de Competición terá que resolver a solicitude nun prazo de 10 días hábiles; mentres tanto, para que o/a xogador/a poida ser aliñado/a en calquera encontro oficial ou amigable terá que cumprir con estas cuestións:

- Se a resolución do Comité Territorial de Competición é favorable ao equipo de orixe, non poderá ser aliñado/a en ningún encontro ata que se realice o pago do importe indicado polo Comité.
- Se a resolución do Comité Territorial de Competición é desfavorable ao equipo de orixe, poderá ser aliñado dende o momento da resolución.

- i)** O regulado no presente artigo, soamente será competencia do Comité Territorial de Competición da FGBm no seguinte suposto:

- Cando a licenza en cuestión sexa tramitada pola FGBm e os dereitos de formación afecten a clubs da comunidade autónoma galega.

CAPÍTULO CUARTO: Oficiais dos equipos

ARTIGO 16 ADESTRADORES

- a) Todos os equipos que interveñan nos Campionatos das Categorias Territoriais Sénior e Xuvenil, tanto Masculina, como Feminina, teñen a OBRIGACIÓN ineludible de contar cos servizos dun ADESTRADOR TITULADO, polo menos co Título de especialista en balonmán praia nivel II no momento da súa inscrición preliminar.

Nas Categorias de Cadete e Infantil, tanto Masculina coma Feminina os equipos participantes están OBRIGADOS a contar cos servizos dun ADESTRADOR TITULADO, polo menos, co Título de especialista e balonmán praia nivel I no momento da súa inscrición preliminar.

Na categoría Alevín Mixto é obrigatorio a presenza dun adestrador titulado ou dun oficial de equipo.

- b) Un xogador/a SENIOR con licenza en vigor, en posesión do Título de Adestrador poderá dirixir a un equipo de deporte base ou xuvenil, ou ser axudante de adestrador dalgún deles, sen importar que se trate do equipo do mesmo Club. As sancións disciplinarias de que puidese ser obxecto teranse que cumprir dentro do marco en que se cometan, excepto as sancións por faltas graves ou moi graves nos que non poderá participar en encontro algún calquera que sexa a súa clase, se a sanción é de suspensión, e serán extensibles a todo o Balonmán Estatal se a sanción é de inhabilitación.

Así mesmo os árbitros con licenza en vigor, en posesión do Título de Adestrador poderán dirixir a un equipo do deporte de base ata xuvenís ou ser axudante de adestrador dalgún deles.

Un xogador sénior masculino con titulación de especialista en balonmán praia nivel II pode ter licenza de adestrador na categoría Sénior Masculina nun equipo do mesmo club (no que non figure coma xogador) e na categoría Sénior Feminina, ou unha xogadora sénior feminina pode ter licenza de adestradora na categoría Sénior Feminina nun equipo do mesmo club (no que non figure coma xogadora) e na categoría Sénior Masculino. **Esta norma só terá validez nas competicións territoriais.**

- c) Un equipo durante o prazo de vixencia da ficha do seu Adestrador non poderá dilixenciar ningunha outra sen previo acordo das partes e, se non existise tal acordo, será o Comité de Competición quen decida, previa solicitude de información. Cando a un adestrador, a petición voluntaria, se autorice a cambiar de Club, existindo licenza federativa, dita autorización concederáse en calquera categoría, incluso na mesma á de procedencia.
- d) Será OBRIGACIÓN INELUDIBLE para poder permanecer no banco de reservas e oficiais durante os partidos de Competicións Oficiais e poder dirixir ao equipo estar en posesión da licenza correspondente, dilixenciada pola FGBm. Os Árbitros de cada encontro serán responsables de facer cumprir esta Normativa. Poderanse sentar no banco de todos os equipos OUTROS Adestradores que pertencen ao mesmo Club que o equipo que está participando. Neste caso, para desempeñar as funcións de Adestrador no equipo diferente ao que lle corresponde a súa licenza, deberá estar en posesión da titulación requirida á competición correspondente. No banco soamente poderá estar o número regulamentario de oficiais. Os Adestradores dos Equipos, quedan autorizados para exercer as funcións de adestrador e/ou oficial de equipo, nos demais equipos do mesmo Club, sempre que non se

presenten as licenzas das persoas ás cales están substituíndo, debendo ter en conta, con todo, a titulación esixida para exercer as funcións de adestrador dun determinado equipo, non podendo actuar como tal se non ten a titulación esixida para aquela categoría.

- e) Todos os adestradores teñen a obrigaón, salvo causa de forza maior, de acudir a todos os encontros do seu equipo e estar fisicamente presentes no terreo de xogo, constando en Acta.

Se un Adestrador deixase de acudir a UN ENCONTRO SEN CAUSA XUSTIFICADA, o Club será sancionado segundo coas sancións e previsións disciplinarias que se marquen no Regulamento de Réxime Disciplinario.

- f) No caso de sanción temporal a un adestrador que supoña imposibilidade de realizar o seu labor durante o que resta de competición oficial, sempre que se produza antes de faltar un (1) mes para a súa conclusión, o equipo estará obrigado a substituír a licenza federativa por outra, cumprindo os requisitos regulamentarios.
- g) Un adestrador/a poderá realizar funcións de axudante/oficial de equipo en outra categoría do mesmo club.

ARTIGO 17

OFICIAL DE EQUIPO

- a) Todos os equipos participantes en Competicións Territoriais poderán solicitar a tramitación das licenzas de “Oficial de Equipo” no momento da inscrición, conxuntamente coa de xogadores/as e Adestrador.
- b) O máximo de licenzas de “Oficial de Equipo” que pode tramitar un Club para cada un dos seus equipos será de catro (2).
- c) Un “Oficial de Equipo” con ficha debidamente dilixenciada pode actuar como Oficial de Equipo en todos os equipos, sexa cal fora a súa Categoría, pertencentes ao mesmo Club, sen importar para o que foi tramitada a súa licenza.
- d) Un “Oficial de Equipo” para poderse sentar no banco de xogadores/as e oficiais, deberá estar obrigatoriamente en posesión da licenza correspondente.
- e) As funcións a desempeñar por un “Oficial de Equipo” nun encontro, serán aquelas a as que está obrigado segundo o cargo que vaian exercer no mesmo e que previamente comunicarán aos árbitros, as cales descríbense nos seguintes Artigos.
- f) Todos os equipos participantes nas Competicións organizadas pola Federación Galega de Balonmán poderán inscribir en Acta de Partido e contar coa presenza física dun (1) “Oficial de Equipo”. En caso de incumprimento serán sancionados como aparece reflectido nos Artigos seguintes.
- g) Nas Competicións Territoriais, os Adestradores quedan autorizados a exercer as funcións de oficial de Equipo, en caso de ausencia do titular da licenza de “Oficial de Equipo”, en equipos do mesmo Club. No Acta de partido aparecerán apuntados como Oficial. En todo caso estes Adestradores soamente poderán realizar unha función durante un encontro.

ARTIGO 18 OFICIAIS EQUIPOS DE BASE

- a) Na Categoría Alevín Mixto será OBRIGATORIO a presentación e a presenza física, como mínimo, en cada encontro de competición oficial **dun OFICIAL** (un Adestrador/a ou “Oficial de Equipo”) coa súa Licenza debidamente dilixenciada.
- b) O incumprimento desta Norma, levará implícita unha sanción ao equipo, equivalente a un APERCIBIMENTO na primeira ausencia non xustificada e, nas veces sucesivas con multas segundo o regulamento.

ARTIGO 19 RESPONSABLE DE EQUIPO

Antes do inicio dos encontros, os equipos deben indicar aos árbitros a persoa, que con licenza federativa, exercerá as funcións de “Oficial responsable”. No caso de non indicarse nada, a persoa que actúe como **Adestrador** exercerá ditas funcións.

O responsable de equipo é a persoa encargada de revisar e confirmar que os deportistas e oficiais que figuran no acta, son os que se atopan no terreo de xogo nese momento. No caso da preacta en papel, o responsable de equipo comprobará a aliñación de xogadores ea composición do staff técnico, finalmente asinará o documento para dar a súa conformidade.

Os oficiais responsables dos equipos teñen dereito a formular no Acta do Partido protestas ou denuncias sobre a situación legal dos xogadores, mal estado do terreo de xogo, marcaxe do mesmo, conduta do público, etc., por mediación dos árbitros que as redactarán en forma clara pero concisa, asinando os reclamantes ao pé de tales dilixencias.

ARTIGO 20 OFICIAIS DESCUALIFICADOS

Os oficiais descualificados deben abandonar a zona de cambios, o que significa que non pode situarse en ningún lugar dende o que poida ter algunha influencia sobre o equipo. Considerarase “Zona de Influencia” o espazo comprendido entre os vértices da banda do lado onde estean situados os reservas.

ARTIGO 21 OBSERVACIÓNS

- a) Un xogador Sénior con licenza en vigor en posesión do título de Adestrador correspondente poderá dirixir a un equipo do Deporte Base ou Xuvenil, sen importar que se trate de equipos do mesmo Club.
Así mesmo os árbitros con licenza en vigor, en posesión do título de Adestrador, poderán dirixir a un equipo do Deporte Base ou Xuvenil.

Un xogador sénior masculino con titulación de especialista en balonmán praia nivel II pode ter licenza de adestrador na categoría de Sénior Feminina, ou unha xogadora sénior feminina poida ter licenza de adestradora na categoría Sénior Masculino.

Esta norma só terá validez nas competicións territoriais.

Un xogador en idade sénior con licenza en vigor poderá exercer as funcións correspondentes aos “Oficiais de Equipo” nun equipo do Deporte Base ou Xuvenil, sen importar que se trate de equipos do mesmo Club. Dito xogador deberá tramitar a correspondente licenza de “Oficial de Equipo”.

As sancións disciplinarias de que puidesen ser obxecto teranse que cumprir dentro do marco no que se cometan, excepto as sancións por faltas graves ou moi graves nos que non poderán participar en encontro algún calquera que sexa a súa clase, se a sanción é de suspensión e serán extensibles a todo o Balonmán Estatal se a sanción é de inhabilitación.

- b)** Autorízase a que xogadores, adestradores, axudantes de adestrador con licenza en vigor, poidan arbitrar encontros de calquera categoría, excepto aqueles correspondentes á categoría na que teñan tramitada a licenza na tempada en curso.
- c)** Para que os oficiais dos equipos poidan constar na acta do partido e participar das súas competencias nos mesmos, respectaranse os requisitos establecidos para os xogadores, con excepción do disposto nos parágrafos cuarto e quinto do Artigo 14, punto a) do presente NO.RE.BAP.
- d)** Nos encontros de Competición Territorial poderán inscribirse en Acta de Partido ata un total de DOUS (2) Oficiais.

CADRO DE POSIBILIDADES EN ACTA DE PARTIDO

OFICIAL	LICENZA A PRESENTAR	AUSENCIA TITULAR (LICENZA AUTORIZADA) (2)
ADESTRADOR	Adestrador Titular do equipo participante	Un Adestrador dun equipo do mesmo Club (1)
DELEGADO EQUIPO	Oficial de Equipo	Oficial de equipo do mesmo Club Adestrador do mesmo Club
XOGADORES/A	LICENZAS MÍNIMAS A PRESENTAR	LICENZAS MÁXIMAS A PRESENTAR
	6	12

(1) Debe ter a titulación requirida para exercer as funcións de Adestrador dun determinado equipo.

CADRO DE TITULACIÓNS

LICENZA	CATEGORÍA	TITULACIÓN
ADESTRADOR	Xuvenil e sénior	Especialista en balonmán praia Nivel II
	Cadete, infantil e Alevín Mixto	Especialista en balonmán praia Nivel I

CAPÍTULO QUINTO: Composición de equipos

ARTIGO 22

COMPOSICIÓN EQUIPOS EN COMPETICIÓN TERRITORIAIS

EQUIPOS MASCULINOS

A) EQUIPOS SÉNIORS MASCULINOS

